

Memoria 2006 niños



MEMORIA DE ACTIVIDADES

ÍNDICE

P03 *Máis maiores... máis Meniños* por Xosé Manuel Villanueva (Presidente de Meniños)

P04 Datos Xerais

P05 Integración Familiar -Área de Reunificación e Área de Preservación-

P06 Acollementos e Adopcións Especiais

P07 Acollementos Temporais

Apoio ao Acollemento en Familia Extensa

P08 Implicación Familiar

Atención Familiar

P09 Sensibilización e Participación Social

P10 Formación e Calidade. Cooperación Técnica e Difusión do Coñecemento

P11 Principais Financiadores e Colaboradores

Edita:

Meniños, Fundación para a Infancia

Ilustracións:

Alumnos dos colexios:

- San José de Cluny

- Carmelitas

Padroado:

Xosé Manuel Villanueva Prieto
(Presidente)

M^a Elena García Gómez
(Vicepresidenta)

Paula González Gundín (Secretaria)

Valentín Escudero Carranza (Vogal)

Margarita de la Calle Amaro (Vogal)

Juan José Varela Rodil (Vogal)

Equipo Humano:

Directivos/as: 6

Psicólogos/as: 27

Pedagogos/as: 2

Educadores/as Sociais: 28

Traballadores/as Sociais: 21

Economista: 1

Publicitario: 1

Técnico en RR.LL.: 1

Informático: 1

Administrativos/as: 5

Composición do Equipo Directivo:

Mónica Permuy López
(Directora Xeral)

Kucha Movilla Fidalgo
(Directora Técnica)

Pilar Parga López (Directora de Xestión)

Elvira Álvarez Baz
(Directora Delegada en Asturias)

Olga Rivas Iglesias
(Directora de Madrid)

Santiago Míguez Caridad
(Asesor Xurídico)

MÁIS MAIORES... MÁIS MENIÑOS

POR XOSÉ MANUEL VILLANUEVA

2006 foi un ano especial para **Meniños**: cumprimos 10 anos e experimentamos unha profunda renovación da estrutura directiva da Fundación.

Madurando como Meniños

Na presentación da Memoria de 2005, Valentín Escudero, o noso anterior Presidente e hoxe vogal do Padroado, resumía o acontecido nese ano coa afortunada frase “Máis grandes, Máis Meniños”. Ese lema expresaba os procesos de ampliación da actividade a novas áreas e programas que se produciron nos anos anteriores (que fixeron crecer a organización a máis do dobre en recursos e en menores e familias atendidos) e o de profundización na filosofía, ideario e metodoloxía de traballo da Fundación.

Hoxe, parafraseando a Valentín, podemos dicir que 2006 nos fixo “máis maiores” e máis **Meniños**.

En efecto, o ano pasado serviunos para madurar (xa non para crecer) e, ao tempo, para seguir fieis ao noso estilo, á nosa visión. Como máxima expresión diso, aprobamos un novo Plan Estratégico para os próximos dous anos que marca os novos retos que nos propoñemos na tarefa de promover o dereito de todo neno a vivir en familia e perfila a forma en que cremos poder ser máis útiles nese empeño.

Renovándonos para asegurar a Continuidade

En paralelo, produciuse a renovación da Dirección Xeral, a Dirección de Madrid e a Dirección de Xestión e, tamén, da estrutura dos cargos do Padroado.

No que atinxe aos cargos profesionais, os cambios debéronse ao acceso dos directivos anteriores; Jesús Rodríguez, Vladimir Hernández e Carmen Rodríguez, a novos postos fóra de **Meniños**. Todos eles deixaron a súa pegada na Fundación e, no fondo, seguen a formar parte dela, do seu activo e dos seus amigos. Os seus substitutos, Mónica Permuy, Olga Rivas e Pilar Parga, veñen achegar novas enerxías para continuar a senda marcada polas nosas formulacións estratéxicas, substancialmente as mesmas que nos caracterizaron e nos fixeron chegar ata aquí, e que queremos facer evolucionar de xeito rigoroso e tranquilo.

Esa vontade de continuidade e evolución é a mesma que animou os escasos cambios producidos no Padroado. En efecto, salvo polo cesamento como vogal de Juan Caamaño, ao acceder a un cargo público incompatible, o Padroado só modificou a súa composición no referido ao “rol” que algúns dos seus membros desempeñan,



XOSÉ MANUEL VILLANUEVA
PRESIDENTE DE MENIÑOS

porque todos os patróns seguimos implicados en que a crecente responsabilidade de **Meniños** coas administracións, as entidades, os socios/as e as persoas que nos apoian e, sobre todo, cos menores e familias para os que traballamos, se traduza en resultados cada vez máis efectivos.

Como a transparencia e a vontade de mellora continua son características esenciais do estilo de **Meniños**, esta Memoria de Actividades, ao tempo que reflicte con fidelidade o resultado do noso traballo en 2006, marca o listón que queremos superar en 2007. Entón esperamos ser aínda “Máis Maiores” e “Máis Meniños”.

Xosé Manuel Villanueva

DATOS XERAIS

Meniños é unha oenegé independente creada en 1996. O equipo humano formámolo máis de 90 profesionais e arredor de 50 voluntarios e voluntarias que desenvolvemos o noso traballo en Galicia, Asturias e Madrid.

VISIÓN

Meniños promove os dereitos da infancia, ofrecendo servizos de calidade contrastada para a infancia en situación de dificultade social, creando e difundindo coñecemento sobre a súa atención e favorecendo a participación de outras persoas e entidades; para garantir a cada neno, nena e adolescente o seu dereito a medrar nun entorno familiar que garanta o seu benestar e desenvolvemento integral.

VALORES

Compromiso cos Dereitos da Infancia

O superior interese do menor

A Familia como referente estable

Educación e capacidade de cambio nas persoas

Calidade e mellora continua

Innovación e creatividade

Coidado ás persoas

Transparencia e independencia


Compromiso social

RESUMO DE RESULTADOS

As persoas usuarias/beneficiarias directas dos servizos prestados en España ao longo de 2006 foron **1.383** nenos, nenas e adolescentes e **887** familias. A distribución de todas elas nos diferentes programas é como segue:

PERSOAS ATENDIDAS	NENOS	FAM.
Reunificación Familiar	86	49
Preservación Familiar	165	77
Acollementos e Adop. Especiais	173	132
Acollementos Temp.	32	17
Apoio ao Acollemento en Familia Extensa	567	450
Implicación Familiar	321	138
Atención Familiar	39	24
TOTAL	1.383	887

A evolución de usuarios/beneficiarios directos ao longo dos 3 últimos anos é a seguinte:



En cifras relativas, así se reparten os usuarios/beneficiarios nos servizos que **Meniños** presta:

- Nenos/as atendidos



A estas cifras debemos sumar os **7.320** nenos, nenas e adolescentes, os **383** educadores e as **102** entidades que participaron na Proposta Educativa "**Facendo Familias**", que fomenta a participación da infancia na construción dun ambiente familiar positivo.

INTEGRACIÓN FAMILIAR

ÁREA DE REUNIFICACIÓN FAMILIAR

Esforzámonos en que os nenos e nenas acollidos en centros de protección de menores poidan volver canto antes á súa casa.


Para iso, un equipo formado por psicólogos, pedagogos, traballadores sociais e educadores familiares prestan apoio ás súas familias.

O obxectivo é axudarlles a superar a situación que provocou o internamento, converténdolos en garantía de protección para os seus fillos.


Durante 2006 atendemos a **86** nenos, nenas e adolescentes, e a un total de **49** familias.

Deses 86 nenos concluíuse a actuación con 33, correspondentes a 20 familias, e continúan en curso 53 nenos e 29 familias.

Estes son os resultados absolutos:



En termos relativos, sería como segue:



No referente a familias, rematouse a actuación con 20, en tanto que continúan en curso 29.


ÁREA DE PRESERVACIÓN FAMILIAR

Os nenos, nenas e adolescentes que viven en familias con graves problemas de exclusión social corren o risco de ser separados da súa propia familia e da súa contorna social.

Os nosos psicólogos, pedagogos, educadores e traballadores sociais tratan de evitar a separación familiar e axudan a estas familias a superar os seus problemas.

En 2006 atendemos a **165** nenos, nenas e adolescentes, e a **77** familias. Destas, finalizouse con 36 e seguen en curso 41.

No que a os nenos se refire, concluíuse a actuación con 74 e continúan en curso 91. Os resultados son como segue:



Programa de Integración Familiar: *Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar da Xunta de Galicia e Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*. Conveniado con **Meniños** dende 1998.

ACOLLEMENTOS E ADOPCIÓNS ESPECIAIS


Algúns nenos, nenas e adolescentes en disposición de ser acollidos ou adoptados, dificilmente atoparán unha familia acolledora ou adoptiva por diversos motivos: porque teñen máis de 8 anos, porque son varios irmáns, porque padecen algunha enfermidade ou discapacidade, porque pertencen a minorías étnico-culturais, ...

Meniños informa ás familias interesadas en acoller ou adoptar a estes nenos, nenas e adolescentes; leva a cabo sesións de preparación, apoio, orientación; e acompaña durante todo o proceso á familia. Este programa desenvólvese en convenio co *Instituto Madrileño del Menor y la Familia* (IMMF) desta Comunidade Autónoma e o *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*, en Madrid, e co *Instituto Asturiano de Atención Social a la Infancia, Familia y Adolescencia* (IAASIFA) do Principado, en Asturias.



AeAE MADRID

Na *Comunidad de Madrid* foron atendidos **148** nenos, nenas e adolescentes e **115** familias. Deses 148 nenos, 22 causaron baixa. Os motivos son os seguintes:



Por outra banda, un total de 27 nenos iniciaron o acollemento durante este ano en 22 familias.

AeAE ASTURIAS

No *Principado de Asturias* atenduse a **25** nenos e a **17** familias. Pecháronse 6 casos por resolución de adopción. Ademais, 8 nenos iniciaron o seu acollemento durante este ano.



Ao longo de 2006, leváronse a cabo 94 valoracións de idoneidade a familias, e realizáronse reunións informativas presenciais con 69.

Completouse a intervención do programa realizando seguimentos en adopcións consolidadas (19 nenos en 7 familias) e atención en postadopción (7 nenos en 5 familias).

ACOLLEMENTOS TEMPORAIS

Mediante este servizo formamos e acompañamos a familias dispostas a acoller temporalmente a nenos, nenas e adolescentes, como unha alternativa ao internamento en centros de protección de menores. Ademais, apoiamos ás familias de orixe para que superen as dificultades que motivaron a separación temporal, e que os nenos, nenas e adolescentes poidan regresar en condicións plenas de seguridade e afecto.

O Programa lévase a cabo por convenio co IMMF da *Comunidad de Madrid* e co *Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales*. Está conveniado con **Meniños** dende 2003.

En 2006 foron atendidos **32** nenos, nenas e adolescentes e **17** familias. Deles, finalizouse con 16 nenos por cumprimento de obxectivos (11 regresan á súa familia de orixe e 5 foron derivados a outra medida: acollemento permanente ou adopción) e 11 iniciaron o acollemento ao longo do ano.



Celebrouse o “VII Encontro Anual de Familias Acolledoras”, ao que asistiron 27 familias con 59 menores.



APOIO AO ACOLLEMENTO EN FAMILIA EXTENSA

Moitos nenos, nenas e adolescentes teñen aos seus avós ou a outros familiares como cuidadores. Cada vez son máis e necesitan axuda, especialmente cando chega o momento da adolescencia.

Esta necesidade móvenos a desenvolver un servizo de apoio aos familiares para facilitar o acollemento.

Durante 2006 rexistráronse 867 nenos, dos cales foron atendidos **567** nenos e nenas e **450** familias.



De todos eles, causaron baixa 85 nenos.

Celebrouse un Encontro, ao que asistiron 54 familias con 70 menores.


Este Programa está conveniado coa *Concejalía de Gobierno, de Empleo y Servicios a la Ciudadanía* do *Ayuntamiento de Madrid* dende 2004.

IMPLICACIÓN FAMILIAR


Meniños ofrece un apoio intensivo na contorna familiar do menor ante unha situación de dificultade social. A finalidade é involucrar á familia no coidado e atención dos menores ao seu cargo. Trátase de proporcionar aos nenos, nenas e adolescentes un ambiente de protección que evite a separación da súa contorna familiar e social. Ao longo de 2006 foron atendidos **321** nenos, nenas e adolescentes e **138** familias.

Finalizáronse os casos de 149 nenos en 66 familias, das que 45 foron dadas de baixa por cumprimento dos obxectivos programados.

Os resultados en canto a nenos atendidos son os seguintes:



Os resultados dos casos finalizados por familias son como segue:



Este Programa iniciouse no ano 2004 por convenio coa *Concejalía de Goberno, de Empleo y Servizos a la Cidadanía* do *Ayuntamiento de Madrid*.

ATENCIÓN FAMILIAR

O Programa de Atención Familiar ten como obxectivo a atención e protección dos menores en situación de dificultade social.

Os destinatarios son menores en situación de risco ou desamparo e as súas familias, detectados nos servizos sociais municipais, e que se axustan a algunha das seguintes circunstancias:

- Grupos familiares moi desestruturados.
- Grupos familiares con escasa motivación ou conciencia da situación de risco dos menores.
- Adolescentes con absentismo escolar e problemas de conduta.
- Menores acollidos na súa familia extensa para garantir a adecuación da medida.

Foron atendidos **39** nenos e **24** familias:



Pecháronse 19 casos, dos cales foron resoltos con éxito o 74%. 14 casos finalizaron por cumprimento de obxectivos, 4 foron derivados a menores e 1 non cumpre obxectivos.

Este Programa está conveniado coa *Concellería do Benestar Social* do *Concello de Pontevedra*.

SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN SOCIAL

“FACENDO FAMILIAS”

A boa acollida durante o curso 2005/2006 do proxecto educativo “**Facendo Familias**”, motivounos a continuar durante o curso 2006/2007 planificando a súa difusión naqueles centros educativos que non o coñecían, á vez que seguir colaborando cos que xa tiñan participado, profundizando nos contidos e presentándollos a máis nenos e nenas. Como sabedes esta é a nosa proposta educativa para o fomento da participación da infancia na construción dun ambiente familiar positivo. Ata o momento participaron **13.913** nenos e nenas, **635** educadores e **210** entidades.

“CANDO O SEMÁFORO ESTÁ EN ÁMBAR”

Este proxecto está ligado á proposta educativa “**Facendo Familias**”, co obxectivo de contribuír á sensibilización e capacitación para atender ás situacións dos nenos e nenas “**cando o semáforo está en ámbar**”, é dicir, cando a cobertura da súas necesidades non é a idónea, pero sen chegar á gravidade que faga necesaria a intervención dos servizos de protección.

A través deste proxecto facilitamos instrumentos e ferramentas útiles para o manexo destas situacións, dirixidos aos profesionais da escola e proporcionamos un servizo de asesoramento.

Este proxecto foi levado a cabo durante o curso 2005/2006 en convenio coa Fundación Barrié.

PORTAL WEB “MUNDO DE MILU”

Con motivo da celebración do Día Internacional dos Dereitos da Infancia, o pasado 20 de novembro de 2006, **Meniños** presentou o portal web educativo **www.mundodemilu.org**

O obxectivo desta páxina web é facilitar o acceso dos máis pequenos aos obxetivos e contidos do traballo educativo e preventivo de **Meniños**, dunha forma accesible e amena.

Nel atoparán contidos e espazos que permitirán afondar nos dereitos da infancia, o dereito a vivir en familia, na súa responsabilidade e protagonismo en colaborar na construción dun ambiente familiar positivo, entre outros temas.

Está dirixido principalmente aos nenos e nenas das idades correspondentes á ensinanza primaria, aínda que algunhas das súas partes poden ser aproveitadas en cursos superiores.

Ademais, conta cun espazo para os adultos que están en contacto cotián cos máis pequenos e que levan a cabo labores educativos, ben dende un papel de pai, nai, ..., ou dende o exercicio de profesións como profesores, monitores de tempo libre, etc.



FORMACIÓN E CALIDADE

FORMACIÓN

Dentro dun proceso de mellora continua, reforzamos a formación reestruturando o plan de formación en tres grandes bloques:

- **Cursos específicos:** cuxo obxectivo é a aprendizaxe teórica e práctica necesaria para aplicar o modelo de intervención de **Meniños**.

- **Reunións técnicas:** o seu obxectivo é o perfeccionamento en técnicas xa coñecidas e o desenvolvemento de técnicas novas.

- **Espazos de autoformación:** onde se utiliza a análise do propio traballo para a mellora técnica. Isto permite unha formación continua e inmediata.

No ano 2006 foise focalizando a formación en aspectos técnicos máis concretos e especializados, sobre todo na súa vertente práctica, e así realizáronse 6 accións formativas internas, 6 accións formativas externas (3 impartidas por **Meniños** e outras 3 impartidas por outras entidades), e 11 reunións técnicas aplicadas ao proceso principal.

CALIDADE

En liña co labor de **Meniños**, orientado a mellorar a calidade de vida dos nenos, nenas e adolescentes e as familias coas que traballamos, completamos o proceso de procedimentación da nosa actividade implantando os procedementos de auditoría interna, non conformidades e accións correctivas e preventivas que quedaban pendentes. Baixo este contexto xorde a necesidade de crear un sistema informático axeitado para manexar a información, completándose durante este ano 2006 a construción dunha base de datos para a xestión do proceso principal; o que supón a disposición dunha ferramenta informática totalmente adaptada aos procedementos de intervención de **Meniños** e axustada á LOPD, que xestionará toda a información de maneira centralizada, contribuíndo decisivamente a facer efectiva a mellora continua do noso traballo.

COOPERACIÓN TÉCNICA E DIFUSIÓN DO COÑECEMENTO

Ao longo de 2006 realizamos as seguintes accións de cooperación e difusión do coñecemento:

- Mantemos as relacións de cooperación técnica con Programas de Infancia en Portugal, continuando coa formación e supervisión do programa de Reunificación Familiar da ONL **Centro de Terapia Familiar e Intervenção Sistémica** de Azores, en colaboración co Instituto de Acción Social do goberno desta Rexión Autónoma, e mantemos a cooperación coa ONL **Mundos de Vida** en Lousado, Portugal; materializada nun convenio de colaboración firmado en maio de 2006, que supuxo a participación de técnicos desta organización na formación impartida por **Meniños**.

- Participamos como relatores nos seguintes Congresos e Xornadas:

II Forum Social Internacional na Intervención. Lousado (Portugal).

VIII Congreso Estatal sobre Infancia Maltratada. Santander.

Xornadas sobre Boas Prácticas en Acollemento Familiar. Toledo.

PRINCIPALES FINANCIADORES E COLABORADORES

Públicos:

- Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar. Xunta de Galicia
- Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales
- Instituto Madrileño del Menor y la Familia. Comunidad de Madrid
- Concejalía de Gobierno, de Empleo y Servicios a la Ciudadanía. Ayuntamiento de Madrid
- Instituto Asturiano de Atención Social a la Infancia, Familia y Adolescencia. Principado de Asturias.
- Concellería do Benestar Social. Concello de Pontevedra
- Dirección xeral de Cooperación Exterior. Xunta de Galicia
- Dirección Xeral de Xuventude e Solidariedade. Xunta de Galicia
- Dirección Xeral de Promoción Industrial e da Sociedade de Información. Xunta de Galicia
- Secretaría Xeral de Política Lingüística. Xunta de Galicia
- Deputación Provincial de A Coruña
- Deputación Provincial de Pontevedra
- Rede de Cooperación Coruña Solidaria
- Concello de Vigo
- Concello de A Coruña
- Concello de Santiago
- Concello de Ames
- Concello de Ourense
- Concello de Lugo
- Concello de Betanzos
- Ayuntamiento de Oviedo

Universidades:

- Universidade de A Coruña
- Universidade de Santiago de Compostela
- Universidade de Vigo

Privados:

- Obra Social Fundación “la Caixa”
- Obra Social y Cultural CajAstur
- Obra Social Caja Madrid
- Obra social Caixanova
- Obra Social Caixa Galicia
- Fundación José Otero - Carmela Martínez
- Fundación Solidaridad Carrefour
- Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Fundación Lealtad
- Drecera Sccl
- Bancaja

Entidades Colaboradoras:

- M80 Radio
- Hotel Meliá Galgos
- Hotel Tryp Ambassador
- R
- Turgalicia
- La Región
- Cadena Punto Radio
- La Voz de Galicia
- Símbolo Social
- Ekinocio Comunicación
- Gas Natural
- Repsol YPF
- Metátese Teatro
- Escolas infantís “Os Pequerrechos”
- Mundos de Vida (Portugal)
- Instituto de Acción Social do Goberno de Azores (Portugal)





meniños
Fundación para a Infancia

Únete a Meniños
902 22 07 07
www.meninos.org
www.mundodemilu.org

SEDE CENTRAL

A Coruña

Avda de Cádiz 5, 2º Izda.
(Edif. A Milagrosa)
15008 A Coruña
T 981 269 955 F 981 256 003
meninos@meninos.org

DELEGACIONES

Madrid

San Agustín 3, 3º
28014 Madrid
T 91 398 04 65 F 91 398 04 66
meninos.madrid@meninos.org

Asturias

Los Avellanos 5, 3º B
33002 Oviedo
T 985 208 124 F 985 209 029
meninos.asturias@meninos.org

Lugo

Avda. da Coruña 40, 1º
27003 Lugo
T 982 254 325 F 982 221 662
meninos.lugo@meninos.org

Ourense

Progreso 5, Oficina 6
32005 Ourense
T 988 234 074 F 988 269 928
meninos.ourense@meninos.org

Pontevedra

Avda. Frago 48, Int.Baixo
36210 Vigo
T 986 240 436 F 986 247 759
meninos.pontevedra@meninos.org

Sor Lucía 2, 3º

36002 Pontevedra
T 986 850 156 F 986 846 145
adolescentes.pontevedra@meninos.org